

ESTATUTOS DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DA FACULTADE DE QUÍMICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

TÍTULO PRIMEIRO: DOS FINS Artigo 1.- NATUREZA

- 1.- A delegación de alumnos da Facultade de Química é un órgano colexiado dos representantes estudiantís, expresión da vontade libre e democrática do alumnado da Universidade.
- 2.- É o órgano encargado da coordinación das iniciativas encamiñadas á defensa dos dereitos dos alumnos da Facultade, sen ningún tipo de discriminación.
- 3.- Cooperará co resto dos membros da Comunidade Universitaria na consecución dos fins da Universidade.
- 4.- Promoverá e impulsará todo tipo de actividades que impliquen unha mellora e ampliación na formación humanística, científica e cultural dos estudantes, así como participación do alumnado na xestión universitaria.

Artigo 2. – FINS

Son fins da Delegación de Alumnos:

- 1.- Representar a tódolos alumnos da Facultade de Química
- 2.- Recadar e facilitar información aos estudantes que o soliciten acerca de calquera cuestión académica ou universitaria de interese.
- 3.- Realizar calquera proxecto que resulte interesante para os estudantes da Facultade de Química.
- 4.- Cooperar e coordinarse cos representantes estudiantís de distintos centros.
- 5.- Programar e executar plans de actividades.
- 6.- Promover o uso do galego.
- 7.- Tratar de solucionar tódalas irregularidades que cheguen ao seu coñecemento nos ámbitos en que transcorre a súa actuación.
- 8.- Calquera outra cuestión que lle sexa encomendada pola Asemblea de Alumnos da Delegación de Química.

TÍTULO SEGUNDO: DOS ALUMNOS MEMBROS DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DA FACULTADE DE QUÍMICA

Artigo 3.-

1. Son membros da Delegación de Alumnos:

- a) Representantes dos alumnos no Claustro Universitario.
- b) Representantes dos alumnos membros da Xunta de Facultade.
- c) Representantes dos alumnos nos Consellos de Departamento adscritos á Facultade.
- d) Os estudantes que, elixidos polos seus compañeiros, exerzan outras funcións representativas, como poden ser os delegados de clase ou grupo.
- e) Os estudantes matriculados nos estudos impartidos na Facultade de Química (grado, master ou doutoramento) que desexan formar parte e que non teñan ningún dos cargos anteriormente mencionados, sempre e cando se someta a votación e cunha maioría absoluta da Asemblea, poderán entrar a formar parte durante ese ano lectivo.
- f) Debe existir un censo de tódolos membros presente no taboleiro da delegación.

2. Perderase a condición de membro:

- a) Cando se deixen de cumprir as condicións mencionadas no apartado 1 do presente artigo.
- b) Por renuncia expresa do interesado.
- c) Os alumnos que teñan concedida unha bolsa de intercambio entre centros, mentres gocen de dita bolsa.
- d) Os alumnos que sexan membros polo apartado e) ao rematar o ano lectivo.

Artigo 4.-

Son dereitos dos membros:

1. Expresar con liberdade as manifestacións efectuadas no exercizo da súa función, sen que ese dereito lles poida ocasionar prexuízo algún.
2. Asistir con voz e voto a Asemblea e demais reunións propostas pola Delegación.
3. Elixir e ser electos para os órganos e cargos da Delegación.
4. Acceder a calquera documentación da Delegación.
5. Calquera outro que sexa conferido pola Delegación de alumnos e aprobada pola Asemblea.

Artigo 5.-

Son deberes dos membros da Delegación:

1. Participar activamente en tódalas actividades e tarefas da Delegación de acordo coas funcións a cada un encomendadas.
2. Asistir e participar nas Asembleas e aqueles actos que estimen oportunos.
3. Acatar e respectar os acordos e decisións que adopte a Delegación.
4. Informar puntualmente aos colectivos representados de tódolos asuntos que incumban ou sexan do seu interese.
5. Participar nas distintas comisións de traballo que se creen.
6. Manter un estreito contacto cos seus representados a fin de non abstraerse da realidade e dos problemas cotiáns que afecten a todos e cada un dos estudantes.

TÍTULO TERCEIRO: DOS ÓRGANOS DA DELEGACIÓN

Artigo 6.-

1. Son órganos colexiados da Delegación de Alumnos:

a) A Asemblea.

2. Son órganos unipersoais :

- a) Presidente
- b) Secretario
- c) Tesoureiro

Os tres órganos anteriores serán considerados os órganos executivos da Delegación e deberán ser elixidos por maioría pola Asemblea sen transcorrer máis de un ano entre cada elección.

SECCIÓN PRIMEIRA: ASAMBLEA

Artigo 7.- NATUREZA

A Asemblea é o máximo órgano de decisión da delegación de Alumnos de Química.

Artigo 8.- FUNCIONES

1.- Son funcións da Asemblea de Alumnos:

- a) Determinar as liñas xerais da actuación da Delegación de Alumnos e aprobar o programa de traballo anual proposto polos Órganos Executivos.
- b) Aprobar as propostas de modificación do Regulamento.
- c) Decidir sobre as mocións de censura que se presenten.
- d) A Asemblea pode designar figuras específicas para tarefas como: informática, comunicación, lóxística e outras que se crean oportunas.

Artigo 9.- CONVOCATORIAS

1. As convocatorias da Asemblea poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
2. A Asemblea reunirse con carácter ordinario, como mínimo unha vez ó mes.
3. A Asemblea reunirse con carácter extraordinario, por petición do Presidente, ou por petición dun 25% dos membros da Asemblea.

Artigo 10.-

1.- Toda convocatoria de sesión da Asemblea seguirá as seguintes especificacións:

- a) Establécese o quórum para abrir a sesión da Xunta, tanto ordinaria como extraordinaria, na primeira convocatoria nun tercio dos seus membros e nos que estean presentes na segunda convocatoria, se non houberse quórum en primeira.
- b) A Asemblea considerarase convocada en sesión ordinaria ou extraordinaria mediante a publicación no taboleiro de anuncios ou soportes electrónicos nos que todos os membros estén incluídos coa fecha, hora e lugar de celebración da mesma, ao menos un día lectivo antes da mesma. Dita convocatoria deberá incluír, alomenos, a Orde do Día, preacta da Asemblea anterior e toda a documentación necesaria para os puntos mencionados na Orde do Día.
- c) A Orde do Día será fixada polo Secretario xunto co Presidente.

As peticións dun 25% dos membros, con dereito a voto, da Asemblea será engadida na Orde do día como puntos propostos por estes, sempre con anterioridade suficiente para que sexan incluídos na Orde do día correspondente. Os solicitantes serán os encargados de proporcionar aos membros do Consello, a documentación necesaria.

Artigo 11.-

1. As sesións e toma de acordos deberán axustarse ás seguintes normas:
 - a) As votacións realizaranse a man alzada, salvo cando afecten a calquera persoa de forma individualizada, en tal caso realizaranse mediante voto secreto.
 - b) Os acordos adoptaranse polo voto favorable de máis da metade máis un dos validamente emitidos (excepto nos casos especiais nos que se precise maioría absoluta da totalidade dos membros e que xa están especificados). No caso de producirse un empate nunha votación, repetirase a votación

tras unha nova quenda de debate. De repetirse o empate será preciso repetir o debate e votación nunha nova convocatoria.

- c) Os primeiros puntos da Orde do día serán sempre os correspondentes a aqueles temas que haxa que someter a decisión ou consulta da Asemblea, aos cales só se poderá antepoñer a aprobación de actas das sesións anteriores e a exposición dos informes relacionados con algunha das decisións a tomar.
- d) O voto será un por cada membro da Asemblea. Non existe delegación de voto.

SECCIÓN SEGUNDA: DOS ÓRGANOS EXECUTIVOS

Artigo 12.-

- 1- Os órganos executivos da Delegación de Alumnos terán toda a responsabilidade da mesma. E son un Presidente/a, un Secretario/a, e o Tesoureiro.
- 2- Son funcións dos órganos executivos:
 - a) Coordinar o funcionamento da delegación.
 - b) A elaboración anual do plan de gasto anual.
 - c) Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea.
 - d) Todos aqueles que lle encomende a Asemblea.
 - e) Estes órganos poden delegar ás súas responsabilidades noutros membros da Asemblea sempre que se declare nunha asemblea e quede rexistrado na acta da mesma.
- 3- Son deberes dos Órganos Executivos:
 - a) Render contas en cada Asemblea.
 - b) Realizar as funcións encomendadas no presente Estatuto, pola Delegación e polo Presidente.

Artigo 13.- DO PRESIDENTE

Son funcións do Presidente/a de Delegación:

- a) Asegurar o cumprimento dos Estatutos de Delegación.
- b) Representar a Delegación.
- c) Actuar de portavoz da Delegación de Alumnos.
- d) Presidir a Asemblea.
- e) É o máximo responsable da Delegación.
- f) Coordina os traballos dos outros Órganos.

Artigo 14.- DO SECRETARIO

- 1.- Son funcións do Secretario/a, levantar actas de cada sesión que conterá como mínimo, as circunstancias do tempo e lugar en que se celebrou, o número de asistentes, os puntos principais de deliberación, a forma e resultado da votación e o contido dos acordos, así como firmar co visto bo do Presidente/a, sendo aprobada na seguinte sesión.
- 2.- Calquera membro da Asemblea poderá actuar como Secretario técnico en ausencia de este, a proposta do Presidente.
- 3.- Levar a correspondencia e demais redes sociais das que se dispoñan na Delegación.
- 4.- Dar fe dos acordos.
- 5.- Custodiar o arquivo e documentación.

Artigo 15.- DO TESOUREIRO

- 1.- Levar as contas da Delegación.
- 2.- A realización de cantas actividades sexan necesarias para lograr unha eficiente administración

dos recursos asignados.

3.- Presentar ante o Negociado de Asuntos Económicos da Facultade de Química a xestión do ano da Delegación.

4.- Supervisar as infraestructuras e os gastos internos da Delegación de Alumnos, así como levar un inventario de tódolos bens presentes no espazo de uso da Delegación.

TÍTULO CUARTO: DA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 16.-

1.- A Asemblea pode esixir a responsabilidade a calquera Órgano Executivo mediante moción de censura presentada ante a Asemblea. A moción de censura non poderá propoñerse ata transcorridos seis meses dende o nomeamento daquel órgano.

2.- O Presidente convocará nun prazo máximo de 15 días lectivos unha Asemblea Extraordinaria, no cal o punto da Orde do Día será debater a moción de censura presentada.

3.- A moción de censura presentada deberá facerse apoiada, alomenos, por un cincuenta por cento (50 %) dos membros da Asemblea.

4.- A votación da moción de censura proposta non poderá ter lugar antes dos dez días lectivos, nin máis tarde dos quince días lectivos seguintes á data da súa presentación.

5.- En caso de que o Presidente sea obxecto da moción de censura o Tesoureiro ou o Secretario actuará como Presidente en funcións.

Artigo 17.-

1.- Aberta a sesión, o primeiro firmante do escrito de moción, disporá dun prazo máximo de 30 minutos para expoñer razóns que a fundamentan.

2.- Transcorrido ese tempo o membro a quen se lle presentase a moción disporá dun prazo de idéntica duración para debater os fundamentos da moción de censura.

3.- A continuación abrirase unha quenda de intervencións cun prazo máximo dunha hora e media, distribuído polo Consello Directivo, de acordo cos criterios establecidos neste Estatuto.

4.- En todo caso, ao finalizar o período sinalado no apartado anterior, o Presidente disporá dunha quenda de réplica cun tempo máximo de media hora.

5.- Concluído o debate, procederase a efectuar a votación da moción de censura, de maneira secreta e individual.

Artigo 18.-

1.- A moción de censura requirirá para a súa aprobación o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Asemblea.

2.- As mocions de censura serán constructivas, polo que xunto coa solicitude da mesma, deberá achegarse aquela ou aquelas persoas que pasarían a ostentar o cargo no caso de prosperar a moción de censura.

3.- A aprobación das moción de censura conleva a expulsión do censurado do cargo e o nomeamento do novo Órgano Executivo no caso de que este permanecese á mesma.

4.- O Presidente/a da Asemblea comunicará esta decisión no prazo de tres días lectivos seguintes da aprobación da moción ao órgano competente.

5.- O rechazo da moción de censura impide que poida presentarse outra contra as mesmas persoas ata o seguinte curso académico e, en todo caso, nunca antes de seis meses.

TÍTULO QUINTO: DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 19.-

1.- A iniciativa para propoñer a reforma dos estatutos de Delegación de Alumnos corresponde á

Asemblea.

2.- As propostas de reforma, dirixidas ao Presidente/a, deberán acompañarse do seu texto articulado e da argumentación na que se fundamenten.

3.- Recibida a proposta da reforma, os Órganos Executivos a remitirá aos membros, acordando un prazo non inferior a dez días lectivos, nin superior a trinta, para que estes propoñan as emendas que estimen pertinentes. As emendas, debidamente clasificadas polos Órganos Executivos, remitiranse de novo aos membros xunto coa convocatoria da Asemblea.

4.- Dende a data de presentación da proposta de reforma ata a da convocatoria da Asemblea, non poderá transcorrer un prazo superior a sesenta días lectivos.

5.- A aprobación da Asemblea das propostas da reforma dos estatutos require, en primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea ou dous tercios dos presentes, na segunda.

6.- Cando a proposta de modificación teña por obxecto adecuar os estatutos ás disposicións legais promulgadas con posterioridade a entrada en vixencia daquel, será suficiente para a súa aprobación o voto favorable da maioría dos presentes.

7.- Rechazada unha proposta de modificación que non sexa das previstas no apartado anterior non poderá reiterarse ata transcorridos seis meses.

8.- Con excepción das propostas contempladas no apartado seis deste artigo, non poderá presentarse ningunha outra modificación dos estatutos ata transcorrido seis meses dende a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA

Os aspectos non previstos no presente estatuto, serán regulados pola Asemblea de Delegación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Este Estatuto entrará en vigor ao día seguinte á súa aprobación pola Asemblea e condicionada a súa ratificación pola Xunta de Facultade de Química